

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A COSNSTITUCIÓN DE CATRO (4) BRIGADAS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular un procedemento para a selección e contratación temporal de persoal para a **constitución de catro (4) brigadas de prevención e extinción de incendios forestais, por un período de 6 meses**, enmarcadas no Convenio Interadministrativo entre a consellería do medio rural, a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, a Mancomunidad de Municipios da Comarca do Carballiño e a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova, para o desenvolvemento dun Programa Piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Cada Brigada estará formada por 5 membros:

- 1 Xefe/a de brigada.
- 4 Peóns forestais, un deles con función de peón-condutor.

Non obstante, no caso de que non se poidan cubrir todas as prazas convocadas ou se presenten circunstancias excepcionais que impidan a formación dunha brigada completa, a Mancomunidad Terra de Celanova poderá constituír brigadas de 4 membros, mantendo a seguinte estrutura: 1 Xefe/a de brigada e 3 Peóns forestais, un deles con función de peón-condutor.

Esta redución no número de membros non afectará á natureza das funcións a desempeñar nin á eficacia das actuacións preventivas e de extinción, garantindo en todo momento o cumprimento dos obxectivos establecidos no Convenio Interadministrativo coa Consellería do Medio Rural.

SEGUNDA.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

As contratacións realizaranse a través da modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral a **xornada completa con duración de 6 meses**.

O horario poderá ser partido (mañá, tarde, noite) e incluírá fins de semana e festivos, adaptándose ás necesidades operativas establecidas no servizo



TERCEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

Desenvolver as tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Mancomunidad Terra de Celanova para o desenvolvemento dun Programa Piloto de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratégico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027, que inclúe:

- **Labores de prevención:** rozas manuais e mecanizadas, así como investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, conforme ao Programa de Actuacións Preventivas (PAP).
- **Labores de vixilancia e defensa:** vixilancia activa e participación en tarefas de extinción de incendios.

CUARTA.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter nacionalidade española, ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou cumprir os requisitos establecidos en tratados internacionais ratificados por España para a libre circulación de traballadores. Os non residentes en España deberán achegar documentación que xustifique a súa condición.
- b) Ter cumpridos 18 anos e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír capacidade funcional para as tarefas do posto, acreditada mediante recoñecemento médico e proba física de esforzo,
- d) Non ter sido separado/a do servizo público mediante expediente disciplinario nin estar inhabilitado/a para funcións públicas por resolución xudicial.
- e) Estar inscritas como demandantes ou en situación de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia

QUINTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS E TITULACIÓNS

- a) **Xefe/a de brigada:**
 - Estar en posesión dalgunha das Titulacións seguintes: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico/a en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, Técnico/a en Emerxencias e Protección Civil ou formación equivalente.
 - Permiso de conducir tipo B.



b) **Péon de brigada condutor**

- Permiso de conducir tipo B.
- Non se require titulación mínima.

c) **Peón de brigada:**

- Non se require titulación mínima.

d) **Coñecemento de galego:** Acreditar un nivel mínimo de CELGA 2 ou equivalente.

No caso de non posuír ningunha titulación que acredite o coñecemento do galego, a entrevista á que se alude na base Septima, realizarase en galego. Segundo o resultado da entrevista, o tribunal cualificará como apto ou non apto a proba de galego, ademais de puntuar a entrevista.

e) **Formación obrigatoria:** Todos os seleccionados deberán realizar un curso teórico-práctico de 16 horas sobre prevención e defensa contra incendios forestais

QUINTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A Mancomunidad Terra de Celanova acudirá ao Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a formulación das pertinentes ofertas de Emprego na oficina pública de emprego de Celanova.

A publicidade da convocatoria farase mediante anuncio na web da Mancomunidad [www.terradecelanova.es] e no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica da Mancomunidad [https://terradecelanova.sedelectronica.gal]

Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova.

SEXTA.- INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas como demandantes ou en situación de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Remitida a relación de aspirantes preseleccionados por parte do Servizo Público de Emprego, serán convocadas por dito servizo (ou pola Mancomunidad) para a realización do proceso selectivo

Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova



Os candidatos preseleccionados que desexen participar no proceso selectivo deberán presentara correspondente solicitude dirixida ao Sr. Presidente, axustada ao modelo que se prevé no anexo I.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o día 16 de abril de 2025 ás 14.00 horas.

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia compulsada dos títulos esixidos e permiso de condución
- Fotocopia compulsada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.

Dita solicitude dirixirase ó Sr.Presidente, presentándose, preferiblemente de xeito presencial en horario de 9.00 h a 14.00 h nas oficinas supramunicipais, no Rexistro Xeral da Mancomunidad Terra de Celanova ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro Xeral da Mancomunidad.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan a Mancomunidad polo e-mail admin@terradecelanova.es a solicitude presentada, avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr.Presidente ditará unha resolución provisional coa listaxe de admitidos e excluídos, coa causa de exclusión (de non existir exclusións a resolución coa listaxe será definitiva, indicando as datas para a realización das probas aos aspirantes), e concederá un prazo de 2 días hábiles para a subsanación dos motivos de exclusión.

Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas de realización das probas aos aspirantes.

As listaxes e todos os acordos e resolucións do tribunal publicaranse na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova e no taboleiro de anuncios, identificándose aos aspirantes co seu nome e apelidos.



SÉPTIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN

1.-Proba física. (Eliminatoria) Terá a cualificación de apto/non apto. Realizarase unha proba física de esforzó para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo segundo a recomendación técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais, onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e de condición física. Pódese consultar na páxina web:

<https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad>

Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para hidratación.

2.-Experiencia profesional. A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes, 0,10 puntos por mes ata o máximo de 2,00 puntos.

Xustificarse por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

3.-Formación. Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de 2,00 puntos:

- de menos de 15 horas: 0,10 puntos;
- de 16 a 40 horas: 0,20 puntos;
- de 41 a 70 horas: 0,35 puntos;
- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos;
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

4.-Entrevista. O tribunal convocará aos aspirantes a unha entrevista, que terá por finalidade avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ó posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos.

A falta de presentación do aspirante á entrevista significará a súa eliminación do proceso selectivo.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, tres vogais e un secretario, sendo nomeados polo Presidente da Mancomunidad e publicados no Taboleiro de anuncios.



O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

NOVENA.- PUNTUACIÓN FINAL E NOMEAMENTO

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global. En caso de empate, terá preferencia o que acredite maior experiencia profesional.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente.

Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará o candidato que obtivo máis puntuación. Co resto de candidatos admitidos formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

Antes do nomeamento deberán someterse a unha revisión médica para ver se son aptos para a realización das función asignadas.

DECIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase por escrito co aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento.

O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

DECIMO PRIMEIRA.- RETRIBUCIÓN

- Xefe de Brigada: 1.550,00 €/mes
- Peón de Brigada: 1.381,20 €/mes.

As retribucións teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias



DECIMO SEGUNDA.- NORMATIVA REGULADORA

A relación rexerese pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

DECIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Regulamento que a desenvolve os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é a Mancomunidad Terra de Celanova, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios desta Mancomunidad para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

O Presidente
Jaime Sousa Seara

A Secretaria-interventora
María Dolores Villar Álvarez



ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo, en relación ao Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Mancomunidad Terra de Celanova para o desenvolvemento dun Programa Piloto de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027

SOLICITA

Ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para constituir brigadas de prevención e defensa contra o lume forestal,

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal da Mancomunidad Terra de Celanova.

DATOS PERSOAIS.

DNI: _____

PRIMEIRO APELIDO: _____

SEGUNDO APELIDO: _____

NOME: _____

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL: _____

ENDEREZO

Rúa: _____ Nº: _____ LOCALIDADE: _____

C.P.: _____ CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____

En relación co indicado

SOLICITO ser admitido para participar no procedemento de selección de:

Xefe/A Brigada

Peón Brigada

En _____, a _____ de _____ de 20__.

(SINATURA)



A instancia acompáñase de (sinalar cun X segundo proceda):

- Copia compulsada do DNI.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así coma a categoría profesional (informe da vida laboral e certificado de empresa ou copia dos contratos de traballo).
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación aportada polo aspirante.

De Conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA con CIF P8202502D e domicilio social Barrio da Ermida 39 Celanova. Ourense, coa finalidade de poder realizar a entrevista como candidato ao posto de traballo. En cumprimento coa normativa vixente, a MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA informa que os datos serán conservados durante o seguinte período:
O legalmente establecido.

A Mancomunidad Terra de Celanova solicítalle o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para analizar o seu perfil coa finalidade de avaliar determinados aspectos persoais dunha persoa física, en particular para analizar ou predicir aspectos relativos ao rendemento profesional, situación económica, saúde, preferencias persoais, intereses, fiabilidade, comportamento, localización ou movementos da devandita persoa física.

A Mancomunidad Terra de Celanova informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que comprométese a adoptar todas as medidas razoables para que estes suprimánsen ou rectificuen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de Datos de Carácter Persoal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión,

Neste sentido, o CANDIDATO dispoñerá do dereito para revogar o consentimento prestado mediante a presente cláusula. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna. En último lugar, a Mancomunidad Terra de Celanova informa que coa sinatura do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

Nome e apelidos _____

DNI: _____

Sinatura: _____

SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA

